



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 3 de xullo de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/2932

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais**, polo importe de 200.000,00 €, correspondente á aportación do Concello para o sostemento dos gastos da Fundación do ano 2017, con cargo á partida 341.410.

PRP2017/2933

Vista a proposta do presidente da Fundación de Deportes en relación á ocupación do espazo da praia Compostela e praia da Concha para levar a cabo as actividades do Proxecto de Actividades de Verán 2017 da FPSDM durante os meses de xullo e agosto.. A Xunta de Goberno Local préstalle a súa aprobación e acorda solicitar a correspondente autorización para a ocupación que conleva a realización de ditas actividades ó Servizo Provincial de Costas.

PRP2017/2934

Dáse conta da circular da Consellería do Medio Rural en relación coa Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, na que se contemplan, entre outras cuestións, as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume, así como as estratexias para a extinción.

Así mesmo a Lei tamén recolle as obrigas dos particulares de xestionar a biomasa vexetal unha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado.

No caso de incumprimento das obrigas por parte das persoas responsables, os entes locais poderán notificarlles a súa obriga de xestión de biomasa vexetal, advertíndolles da posibilidade de execución subsidiaria no caso de incumprimento e sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda e da aplicación de multas coercitivas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 3 de xullo de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 26/06/2017, que se aprobou por unanimidade.



PRP2017/2935

Vista a proposta do Enxeñeiro de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a tramitación da alta de dous teléfonos móbiles para o Departamento de Emerxencias para vixilancia de praias durante os meses de xullo, agosto e setembro.

PRP2017/2936

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Imatia Innovation, S.L.** para a dinamización da plataforma Cívidas e-GOV no Concello de Vilagarcía de Arousa, estendendo o uso na totalidade do Concello e avanzar na liña do disposto na nova Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común así como para programación e formación en trámites administrativos nos Departamentos de Intervención, Tesourería e Secretaría, por un importe total de 13.922,26 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22799.

PRP2017/2937

Vista a proposta da Encargada do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Equipamentos Obreiro, S.L.** para o subministro de roupa de traballo para o persoal contratado no citado Servizo, por un importe total de 220,03 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2938

Dáse conta do acordo entre o Eixo Atlántico e o Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que o Concello procederá á satisfacción dunha cota extraordinaria para o presente ano 2017, por importe de 9.000 € a fin de incentivar e ampliar as actividades en materia de desenvolvemento sostible levadas a cabo polo Eixo Atlántico.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a citada cota extraordinaria por importe de 9.000 €, con cargo á partida 1621.22706.

PRP2017/2939

Visto o escrito do concello de Cambados solicitando o préstamo dunha motocicleta Yamaha 500 entre os días 2 e 6 de agosto de 2017 para reforzo da celebración da Festa do Albariño, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o préstamo da citada motocicleta debendo o Concello de Cambados subscribir un seguro a todo risco para a citada moto durante os días do 2 ó 6 de agosto.

PRP2017/2941

Vistas solicitudes de DONA ANGELA GIL VILLAVERDE, titular do establecemento denominado CHAMPIONS, situado na AVDA. DA MARIÑA, 80-BAIXO, D. RAFAEL SERANTES ALVAREZ, e/r. de SINORDEM, S.L., entidade titular do establecemento denominado "LOFT", situado na AVDA. DA MARIÑA, 34-BAIXO, D. ROBERTO GERPE OLIVEIRA, titular do establecemento denominado "PUB MACLAREN'S", situado na RUA ANCORADOIRO – LOCAL Nº 3 – EXPLANADA TIR, D. MANUEL BAYON IGLESIAS, e/r. de PROYECTOS INTERMEL, S.L.,



entidade titular dos establecementos “GINTONIC” e “BABYLON”, situados na RUA XOAN GARCIA, 29-BAIXO e PRAZA MARTIN GOMEZ ABAL, 5-BAIXO, respectivamente, D. JUAN CARLOS CHOREN BARRAL, titular do establecemento “CAFE-BAR MORLA”, situado na RUA XOAN GARCIA, 25-BAIXO, D. ANDRES GARCIA MEIJIDE, e/r. de MUSARAÑA, S.L., entidade titular dos establecementos “PUB MUSARAÑA” e “LA MARINA”, situados na AVDA. DA MARIÑA, 82-BAIXO e AVDA. DA MARIÑA, 50-BAIXO, respectivamente, D. DAVID JIMENEZ ABALO, e/r. de DOMINGUEZ Y BANDIN, C.B., entidade titular do establecemento denominado “SOLD OUT”, situados na RUA MENDEZ NUÑEZ, 16-BAIXO, D. RAFAEL BARREIRO MOROÑO, e/r. de AYM, C.B., entidade titular do establecemento denominado “LA BOLSA”, situado na RUA MENDEZ NUÑEZ, 21-BAIXO, así como os informes incorporados aos expedientes emitidos pola Responsable das Licenzas de Actividades, a Xunta de Goberno Local **informa favorablemente a ampliación de horario de peche nunha hora, con motivo da temporada de veran**, tendo en conta o tipo de licenza municipal de apertura coa que conta cada uns dos local, sendo da seguinte maneira:

Nº DE EXPTE.	ESTABLECEMENTO	TITULAR	TIPO DE ACTIVIDADE	DE LUNS A MERCORES	DE XOVES A DOMINGO, FESTIVOS E VISPERA DE FESTIVOS
01/17-AMP.	CHAMPIONS	ANGELA GIL VILLAVERDE	2.7.2. CAFÉ-BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs. a 04:00 hs.
Nº DE EXPTE.	ESTABLECEMENTO	TITULAR	TIPO DE ACTIVIDADE	DE LUNS A MERCORES	DE XOVES A DOMINGO, FESTIVOS E VISPERA DE FESTIVOS
02/17-AMP.	LOFT	SINORDEM, S.L.	2.6.8 TABLAOS FLAMENCOS	Pasa de 05:30 hs. a 06:30 hs.	Pasa de 06:00 hs. a 07:00 hs.
03/17-AMP.	PUB MACLAREN'S	ROBERTO GERPE OLIVEIRA	2.6.4. PUB	Pasa de 04:00 hs. a 05:00 hs.	Pasa de 04:30 hs. a 05:30 hs.
04/17-AMP.	GINTONIC	PROYECTOS INTERMEL, S.L.	2.7.2. BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs. a 04:00 hs.
05/17-AMP.	CAFÉ-BAR MORLA	JUAN CARLOS CHOREN BARRAL	2.7.2. CAFÉ-BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs. a 04:00 hs.
06/17-AMP.	BABYLON	PROYECTOS INTERMEL, S.L.	2.7.2. CAFÉ-BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs. a 04:00 hs.
07/17-AMP.	PUB MUSARAÑA	MUSARAÑA, S.L.	2.6.4. PUB	Pasa de 04:00 hs. a 05:00 hs.	Pasa de 04:30 hs. a 05:30 hs.
08/17-AMP.	LA MARINA	MUSARAÑA, S.L.	2.7.2. BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs. a 04:00 hs.
09/17-AMP.	SOLD OUT	DOMINGUEZ Y BANDIN, C.B.	2.6.4. PUB	Pasa de 04:00 hs. a 05:00 hs.	Pasa de 04:30 hs. a 05:30 hs.
10/17-AMP.	LA BOLSA	AYM, C.B.	2.7.2. CAFÉ-BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs. a 04:00 hs.



PRP2017/2942

Vista a proposta do Director Deportivo da Fundación de Deportes e o informe da Interventora da FPSDM, a Xunta de Goberno Local acorda convalidar o prezo público relativo á cota de inscrición do VIII Triatlón Concello de Vilagarcía, xa celebrado, sendo o prezo xa cobrado pola FPSDM de 60,00 €/equipo (4 a 6 participantes), cunha bonificación de 10,00 €/participante que estivera inscrito no III Triatlón Rías Baixas, ano 2016 que foi suspendido no seu día.

PRP2017/2977

Vista a proposta do Departamento de Protocolo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Teleservicio Instalaciones de Oficina, S.L.** para o subministro dunha cadeira para o citado servizo, por un importe total de 544,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.62500.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3052

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Despertando Sociedad de Gestión Inmobiliaria y Náutica, S.L.** para alugueiro dun baño para discapacitados e un baño mixto para os días 7,8e 9 de xullo con motivo do II Festival Vilablues, por un importe total de 1.210,00 €, con cargo á partida orzamentaria 170.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/3000

A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do convenio para a concesión dunha subvención á **Fundación Monte do Gozo**, por importe de 1.500,00 € para o desenvolvemento de actividades e actuacións destinadas á prevención de drogodependencias e intervencións integrais vinculadas a situacións persoais de dependencia de substancias durante o ano 2017, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

PRP2017/3001

A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do convenio para a concesión dunha subvención á **Asociación Española contra o Cancro**, por importe de 1.500,00 € para o desenvolvemento de actuacións e intervencións encamiñadas á sensibilización en relación a enfermidade do cancro, así como á atención integral a persoas afectadas e a súa contorna durante o ano 2017, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

PRP2017/3003



A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do convenio para a concesión dunha subvención ao **Asilo Hospitalillo Residencia Divina Pastora**, por importe de 15.000,00 € para o desenvolvemento de actividades e actuacións no marco de atención a persoas maiores de 60 anos e/ou dependentes na Residencia-Fundación Asilo Hospitalillo Divina Pastora, durante o ano 2017, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/2967

Dáse conta de informe do Director da Escola de Música de presentación no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia da solicitude de subvención para gastos de persoal e funcionamento da Escola de Música, por un importe total de 40.000 €, tendo solicitado tamén unha subvención á Deputación Provincial de Pontevedra por importe de 9.500 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2969

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Espacio do Lector, S.L.** para o subministro de materiais bibliográficos e audiovisuais, por un importe total de 1.068,85 €, con cargo á partida 3321.22001. (Proxecto 3 nº 01/25/2017).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2017/2970

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para levar a cabo a exposición de rúa “20 aniversario do Fondo Galego de Cooperación”, diante do Parque de Ravella, do 11 ao 19 de xullo, por un importe total de 555,00 €, coa seguinte desagregación:

- **Sociedad Cooperativa Reto A La Esperanza**, en concepto de traslado, montaxe e desmontaxe da exposición, por importe de 375,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22624, conforme á proposta presentada.
- **Mutua General de Seguros**, polo seguro para a citada actividade, por un importe de 180,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.224, conforme á proposta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2017/2976

Dáse conta da notificación da Dirección Xeral de Administración Local, da concesión de axudas para entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia do Fondo de Compensación Ambiental para o proxecto de “Adquisición de Vehículo destinado á actuación de protección do ambiente e do espazo natural” para o Servizo de Xardíns, por un importe total da subvención de 13.010,16 €, ascendendo a un gasto total de 26.000,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda:



- 1.- Aceptar a subvención e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.
- 2.- Aprobar a achega municipal, por importe de 12.989,84 €, con cargo á partida 170.62400
- 3.- Dar conta ao Departamento de Contratación, para que inicie o procedemento de licitación do devandito vehículo, dado que o prazo para a xustificación das actuacións subvencionadas remata o 30 de setembro de 2017.
(Proxecto 2 nº 01/51/2017).

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/2971

Vista a proposta da Concellería de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda a adhesión á campaña “En negro contra a Violencia” promovida polo Concello de Santiago de Compostela, mediante a formalización dun protocolo de colaboración, aprobando así mesmo o gasto correspondente á aportación municipal, por importe de 968,00 €, con cargo á partida 2312.22615.

Sanidade

PRP2017/2972

Vista a proposta da Directora do SPAD, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Castroman I, S.L.** para o subministro de 6 ventiladores para os despachos do SPAD, por un importe total de 359,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 2311.213 (Proxecto 3 nº 01/02/2017).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/2973

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte programación das exposicións dos últimos meses do ano 2017 na Sala de Exposicións do Auditorio Municipal e na Sala Antón Rivas Briones:

- Sala Antón Rivas Briones 2017:

- Do 4 de agosto ao 6 de outubro “A vilagarcía Antiga”, colección de Juan Carlos Porto.
- Do 11 de outubro ao 10 de decembro: 45 edición dos premios CURTAS FILM FEST
- Do 14 de decembro ao 12 de xaneiro de 2018: CARITARTE.

- SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO 2017:

- Do 3 ao 11 de xuño: PEÑAS BARCELONISTAS DE GALICIA.
- Do 15 de xuño ao 28 de xullo: YAMAGUCHI KATSUMI
- Do 4 de agosto ao 15 de setembro: JOSÉ DÍAZ BARJA
- Do 22 de setembro ao 31 de outubro: SANDRA GONTAD
- O 4 de novembro – XI OPEN MacDonals/XII Circuito Galego de XADREZ.
- Do 12 ao 30 de novembro: Outono Micolóxico A CANTARELA
- Do 7 de decembro ao 4 de xaneiro de 2018: SAUDARTE

PRP2017/2974

Vista a solicitude de DONA Carmen Doval Abuin, en representación da **AA.MM.RR. e Consumidoras Perla de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a



colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Antonio en Renza o vindeiro día 9 de xullo de 2017:

- Actuación da Asociación Cultural Cortegada (Coral Cortegada), por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/2975

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o orzamento para a celebración do Festival Vilablues 2017, os días 7, 8 e 9 de xullo de 2017, por importe de 36.058,00€.

Segundo: Aprobar a provisión de fondos a favor da Concelleira Dona Luz M^a Abalo Pérez, por un importe total de 36.058,00€ con cargo á partida 334-22604, coa seguinte desagregación:

PROVEDOR	IMPORTE	IMPORTE PROVISIÓN
GUMERSINDO MEIJÓN PARREÑO (Producción Técnica e Promoción	14.520,00€	14.520,00 €
MULAS PRODUCCIÓN, S.L. (Contratación de Artistas)	21.538,00€	21.538,00€

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/3017

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SERVIZOSXA, S.L.**, para a contratación do plan de autoprotección da festa da auga, por un importe total de 3.025,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/1628

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **D. Joaquín Lustres Carregal** a redacción do proxecto, Dirección, Estudo Básico de Seguridade e Coordinación de Seguridade e Saúde, da obra “Cambio de material de cobertura na Escola Infantil Municipal de Matosinhos - BONECOS”, por un importe de 3.823,60 €, con cargo á partida 150.640.

PRP2017/3018

Dáse conta da publicación no DOG da Orde do do 23 de maio de 2017 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para investimento na mellora das infraestruturas e equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, e se convocan para o ano 2017 (cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020).

A Xunta de Goberno Local acorda:



Primeiro: Aprobar o proxecto de “Substitución de material de cobertura en Escola Infantil Municipal “BONECOS”, redactado polo Arquitecto Técnico D. Joaquín Lustres Carregal, cun orzamento de execución por contrata de 58.806,04 €.

Segundo: Solicitar subvención á Consellería de Política Social, ao abeiro da citada orde polo importe de 20.000 €, aprobándose unha achega municipal con cargo a fondos propios por importe de 38.806,04 €.

PRP2017/3019

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **OFTEFOR CB Oficina Técnica Forestal** para o levantamento topográfico (planimetría e altimetría) de Praza de Independencia e entorno (Parque Metropolitano), por un importe total de 605,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.

PRP2017/3021

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SGS Tecnos S.A.** para elaboración dun Plan de Autoprotección do Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 2.879,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22799.

PRP2017/3022

Visto o expediente tramitado para o “Subministro de 4 vehículos a pedais e dous asentos adicionais para Parque Infantil de Tráfico”, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o citado subministro a **Dona Inés Méndez Duarte**, por un importe total de 2.781,79 €, con cargo á partida 132.62300, de conformidade coa oferta presentada.
(Proxecto 2 nº 01/43/16).

PRP2017/3053

Dáse conta do expediente tramitado para a adxudicación da concesión administrativa para a explotación do quiosco-bar situado no Parque da Praia de Compostela, cun canon mínimo anual de licitación de 2.000,00€, e das ofertas presentadas, que son as seguintes:

LICITADOR	CANON ANUAL OFERTADO	HORARIO OFERTADO		
		Horario de apertura e peche todo o ano.	De luns a mércores De xoves a domingo	De 10:00h a 02:30h De 10:00h a 03:00h
Juan Raúl Soto Vicente	2.150,00			
Vanessa Vázquez Rey	3.900,00	Horario de apertura e peche en verán	De luns a mércores	De 10.00h a 02:30 h.
			De xoves a domingo	De 09.00 h. a 03.00 h.
		Horario de apertura e peche resto do ano	De luns a mércores	De 11.00 h. a 22:00 h.
			De xoves a domingo	De 10.00 h. a 24.00h

Unha vez aplicados os criterios de adxudicación establecidos nos pregos que rexen a licitación, da o seguinte resultado:

Licitador	Puntos canon	Puntos horario	Puntos Proxecto	TOTAL PUNTOS
Vanessa Vázquez Rey	60	18,06	17,28	95,34
Juan Raul Soto	33,08	20	18,40	71,22



Oliveira				
----------	--	--	--	--

A Xunta de Goberno Local, vista a proposta da Mesa de Contratación, acorda adxudicar a concesión administrativa para a explotación do quiosco-bar situado no Parque da Praia de Compostela a Dona Vanessa Vázquez Rey polo prazo de 1 ano (prorrogable por outro ano), en aplicación dos criterios de adxudicación fixados nos pregos e de conformidade coa proposta técnica presentada, sendo o canon a aboar e horario de apertura o que a seguir se indica:

1. Canon 3.900,00 € anuais
2. Horario de apertura:

Horario de apertura e peche en verán	De luns a mércores	De 10.00h a 02:30 h.
	De xoves a domingo	De 09.00 h. a 03.00 h.
Horario de apertura e peche resto do ano	De luns a mércores	De 11.00 h. a 22:00 h.
	De xoves a domingo	De 10.00 h. a 24.00h

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.